

# BOLETÍN INFORMATIVO

Unidade de Igualdade

*Nº 35 - Novembro de 2019*

---

## CONTIDO

<b>CONTIDO</b> .....	<b>1</b>
<b>CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS</b> .....	<b>2</b>
CURSOS.....	2
CONVOCATORIAS.....	3
CONGRESOS.....	4
<b>AXENDA</b> .....	<b>5</b>
<b>NOVAS DO DUVI</b> .....	<b>6</b>
<b>NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (OUTUBRO 2019)</b> .....	<b>7</b>

Contacto: [igualdade02@uvigo.es](mailto:igualdade02@uvigo.es)

## CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

### CURSOS

**Xornadas «Coeduca. Coeducación para previr a violencia de xénero e para a promoción dunha cultura en igualdade».**

**[+Info](#)**

Desenvolveranse en Vigo, no Auditorio Mar de Vigo (salón de actos da UNED) os días 6 e 7 de novembro pola tarde.

Persoas destinatarias: preferentemente profesorado, persoal docente e comunidade educativa en xeral, así como persoas e entidades que realizan a súa intervención no eido educativo.

**Obradoiro de autoprotección para mulleres.** **[+Info](#)**

Dirixido a mulleres maiores de 18 anos empadroadas en Vigo. As alumnas aprenderán a identificar situacións de risco, estar alertas ante tentativas de agresión e practicarán habilidades, técnicas e recursos para a súa protección e defensa. Datas: 28, 29, 30 e 31 de outubro e 4, 5, 6, 7 e 8 de novembro. 9 sesións cun total de 18 horas.

Organiza: Consellería de Igualdade do Concello de Vigo.

**Feminicidio.net.** **[+Info](#)**

Continúa aberto o prazo de inscrición nos diversos cursos ofertados.

**Faladoiro «As viúvas de vivos na cultura e literatura galega como representación da ausencia e da nación e como toma de consciencia e empoderamento».**

Relatora: Ana Garrido González. Martes, 12 de novembro de 2019, ás 19.00 h, no Centro de Documentación e Recursos Feministas da Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel. 986 436 441. [centro.documentacion.feminista@vigo.org](mailto:centro.documentacion.feminista@vigo.org).

**Curso de oratoria desde a perspectiva de xénero: perdendo o medo a falar en público.** **[+Info](#)**

Obradoiro práctico de comunicación pública desde a perspectiva de xénero.

Dirixido a mozas e mozos maiores de 15 anos, impartirase os días 4, 6, 11, 13 e 18 novembro, de 17.00 a 20.00 h, cun total de 15 horas de duración

Preinscrición en liña.

Imparte: Llerena Perozo Porteiro, editora especialista en comunicación e xénero.

Escola Feminista para a Mocidade, Concello de Pontevedra. 986 840 367. [xuventude@pontevedra.gal](mailto:xuventude@pontevedra.gal).

**Curso NOOC. Breve historia do desprazamento feminino: viaxeiras e deportistas.** **[+Info](#)**

Curso do programa de ensinanza semipresenciais-*online* (Pensem-ONLINE). O obxectivo principal do curso é visibilizar as deportistas e viaxeiras que precederon as actuais para recalcar a existencia dunha xenealoxía feminina ata agora silenciada.

Duración: 3 semanas.

Datas: a partir do 30 de setembro de 2019.

Universidade de Alicante.

**Curso UNED «Conduas violentas na infancia e na xuventude. Guía para educar na non violencia».** **[+Info](#)**

Curso modular da UNED que ten como obxectivo proporcionar coñecementos sobre os diferentes tipos de violencia na infancia e na xuventude, dando as claves necesarias para identificar as situacións nas que se producen.

Matriculación: do 6 de setembro de 2019 ao 16 de xaneiro de 2020.

Curso: do 27 de xaneiro ao 30 de xuño de 2020.

**Curso e Mestrado UNED «Malos tratos e violencia de xénero. Unha visión multidisciplinar».** **[+Info](#)**

Pretende formar profesionais especializados/as en violencia de xénero e comprender este tipo de

violencia, os seus mecanismos e as pautas para saír da mesma.

Matriculación: do 6 de setembro de 2019 ao 16 de xaneiro de 2020.

Curso: do 20 de xaneiro ao 30 de xuño de 2020.

### **Olladas feministas: obradoiro crítico a través de prácticas artísticas e teatro dxs oprimidxs. [+Info](#)**

Obradoiro práctico sobre o estudo das imaxes e expresións artísticas da nosa sociedade patriarcal. Dirixido a mozas e mozos maiores de 15 anos, impartirase o sábado 9 de novembro, de 10.00 a 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h, cun total de 8 horas de duración. Preinscrición en liña.

Imparten: Sabela Fraga Costa e Ángela Fraga María. Escola Feminista para a Mocidade, Concello de Pontevedra. 986 840 367. [xuventude@pontevedra.gal](mailto:xuventude@pontevedra.gal).

### **Obradoiro de autodefensa feminista e empoderamento. [+Info](#)**

Formación en autodefensa feminista integral como elemento indispensable de protección e loita contra as violencias machistas.

Dirixido a mozas e mozos maiores de 15 anos, impartirase o 16 de novembro, de 10.00 a 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h 8 horas de duración. Preinscrición en liña.

Imparte: Celso Taboada Lorenzo. Escola Feminista para a Mocidade, Concello de Pontevedra. 986 840 367. [xuventude@pontevedra.gal](mailto:xuventude@pontevedra.gal).

### **V Xornada cultural do Grao en Español. Mesa redonda: As mulleres na literatura española da Idade Media. [+Info](#)**

Organiza: Facultade de Filosofía e Letras. Interven: Carmen Marín Pina (Universidade de Zaragoza), María Jesús Lacarra Ducay (Universidade de Zaragoza) e Fernando Baños Vallejo (Universidade de Alicante).

19 de novembro de 2019, de 9.30 a 10.45 h. Centro de Estudos Literarios Iberoamericanos Mario Benedetti. Universidade de Alicante.

### **Curso de El País «Periodismo con Xénero». [+Info](#)**

Formación sobre un periodismo máis preciso que non exclúe máis da metade da poboación e que conta as historias con perspectiva de xénero, lonxe dun papel estereotipado das mulleres.

15 e 16 de novembro. Preinscrición ata o 8 de novembro.

Escola de Periodismo UAM - El País.

### **Xornadas sobre o feminismo e a teoría do dereito. [+Info](#)**

Actividades para a reflexión sobre o dereito e as súas interseccións coa igualdade e a literatura. 14 de novembro na Facultade de Dereito do Campus de Ourense e 15 de novembro na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do Campus de Vigo. Imparte: Marta León Alonso (USAL).

## **CONVOCATORIAS**

### **XIV Premios á investigación L’Oreal-Unesco for Women in Science. [+Info](#)**

O Programa «L’Oreal Unesco for Women in Science» concede en España cinco premios a proxectos de investigación liderados por científicas españolas durante o ano 2019.

A entrega de premios será o 27 de novembro ás 12.00 h. Durante o evento entregaranse os premios á investigación e abordaranse algúns dos grandes desafíos científicos liderados por mulleres.

A seguinte convocatoria aínda está por publicar.

### **DUODA. Bolsas parciais á matrícula do Mestrado en estudos da diferenza sexual. [+Info](#)**

Aberta a convocatoria para bolsass parciais. DUODA. Recerca de Dones. Universitat de Barcelona.

### **Visiting Scholars Program. Margherita von Brentano Center. [+Info](#)**

O Centro Margherita von Brentano da Freie Universität de Berlín ofrece un programa de bolsas

para o verán de 2020 a aqueles académicos e académicas que estean a levar a cabo investigacións relacionadas co acoso sexual, a discriminación, a igualdade de xénero, o feminismo e a diversidade.

Inscripción: ata o 30 de novembro de 2019.

## CONGRESOS

### **Foro de investigación «Xéneros, corpos e sexualidades». [+Info](#)**

O Instituto Universitario de Investigación de Estudos de Xénero (IUIEG) da Universidade de Alicante organiza o V Foro do IUIEG. «Xéneros, corpos e sexualidades», coa colaboración da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia de Coñecemento e a Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Inclusión e Igualdade. 6 e 7 de novembro. Universidade de Alicante.

## AXENDA

---

Mes de novembro:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

**4 novembro 2019: Documental «What Walaa wants».** Relata a historia dunha das poucas mulleres policía nas forzas de seguridade palestinas. Teatro Principal de Pontevedra. Organiza: Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.

**7 novembro 2019: Bibliolab. Faladoiro 4: «Leia, Rihanna & Trump. De como o feminismo transformou a cultura pop e de como o machismo reacciona con terror».** Escola Universitaria de Estudos Empresariais. Campus de Vigo. Organiza: Unidade de Igualdade.

**14 e 15 de novembro 2019: Xornadas sobre feminismo e a teoría do dereito.** 14 de novembro na Facultade de Dereito do campus de Ourense e 15 de novembro na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do campus de Vigo.

**18 novembro 2019: Documental «What Walaa wants».** Concello de Vigo. Organiza: Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria e Cine Club Lumiere.

**20 novembro 2019: Día Internacional da Memoria Transexual.**

**21 novembro 2019: Bibliolab. Faladoiro 5: «A violencia machista institucional».** Escola Universitaria de Estudos Empresariais. Organiza: Unidade de Igualdade.

**25 novembro 2019: Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.**

## NOVAS DO DUVI

---

Unha xornada afonda na vulnerabilidade da muller traballadora ante a dixitalización. [+Info](#)

Catro visións sobre as mulleres que entreteñen e as mulleres que se entreteñen na antigüidade. [+Info](#)

Como combater os estereotipos de xénero desde as aulas. [+Info](#)

Un curso forma a xuristas e futuros xuristas no eido da violencia de xénero. [+Info](#)

A catedrática Esther Pillado, primeira muller valedora universitaria na UVigo. [+Info](#)

A Unidade de Igualdade lanza a campaña «Camiño Segura». [+Info](#)

A Universidade pon en valor os traballos de fin de grao e de mestrado que integren a perspectiva de xénero. [+Info](#)

Así fomenta a Universidade que as nenas sexan científicas e tecnólogas. [+Info](#)

Unhas xornadas reivindicando unha postura belixerante dos medios contra a violencia machista. [+Info](#)

Unha mostra recupera na FFT a memoria das pioneiras da interpretación da primeira metade do século XX. [+Info](#)

21 imaxes para reflexionar sobre a orde sexual imposta. [+Info](#)

As enxeñeiras de minas e de enerxía retratan nunhas xornadas como é o seu día a día na profesión. [+Info](#)

Tres actividades para a reflexión sobre o dereito e as súas interseccións coa igualdade e a literatura. [+Info](#)

A loita pola igualdade de xénero na ciencia, unha carreira de fondo. [+Info](#)

O alumnado de Enfermaría fórmase en igualdade para avaliar a realidade desde una perspectiva de xénero. [+Info](#)

## NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (outubro 2019)

### Biblioteca Belas Artes

*Alén dos xéneros: prácticas artísticas feministas en Galicia* (2018) [exposición]. A Coruña: Deputación Provincial. BEL A1A ALE.

### Biblioteca de Pontevedra

TRABADO CABADO, José Manuel (2019): *Género y conciencia autoral en el cómic español (1970-2018)*. León: Servicio de Publicaciones de la Universidad de León. BCP 860.09 GENE.

### Biblioteca Central

POSTIGO VIDAL, Juan (2018): *El paisaje y las hormigas: sexualidad, violencia y desorden social en Zaragoza (1600-1800)*. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza. CEN 946MO POS pai.

### Biblioteca de Torrecedeira

NEWLAND, Tahlia (2019): *Fallout: recovering from abuse in Tibetan Buddhism*. Australia: AIA Publishing. TOR 820 NEW fal

### Artigos de revistas

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Y. *et al.* (2019): «Diferencias de género en los síntomas de estrés en estudiantes del Grado de Fisioterapia», en *Trances* [en liña], vol. 11, nº 4 (julio-agosto 2019), 571- 582. Disponible en: [http://www.trances.es/papers/TCS%2011\\_4\\_3.pdf](http://www.trances.es/papers/TCS%2011_4_3.pdf) [Referencia do 20 de outubro de 2019].